




INSISTENTE
AISLADA
INFLUENCIE
DOR
CONSERVADA
VIGILANTE



SENSIBLE
CAPAZ
UNA
BOA
VALENTE
FORTE
LETA
APOYO



SECHASADA

OPTICISTA



O medo róubanos a vida.

Desta forma resumiu Patricia Simón como afectan os discursos de odio no noso corpo, no programa de Carne Cruda (2022). Segundo Adela Cortina (2017), os discursos de odio caracterízanse pola mera expresión do desprezo cara unha persoa ou colectivo atribuíndolle unha posición de inferioridade social e, polo tanto, asignándolles estereotipos e prexuízos.

A miña cartografía está creada desde a miña vivencia como muller de 20 anos, branca, estudante universitaria, e de clase obreira. Resultaría insensato negar os moitos privilexios que rodean a miña vida, mais aínda o sería máis facer caso omiso das opresións e postergacións. O certo é que todas as persoas que conformamos a sociedade estamos expostas a unha serie de discursos discriminatorios onde, baixo a miña vivencia, aséntanse maioritariamente en torno ao xénero.

Con isto, decidín realizar a miña cartografía representando un corpo sen rostro e sen ningunha característica sexual, mais que pola súa postura expresa incomodidade, medo. O odio, e os sentimentos que este provoca, non son innatos, senón que a súa expresión e etioloxía varía en función da cultura e características do grupo ao que se dirixa. Así, decidín plasmar o mundo exterior e os seus discursos nunha folla de papel cebola que se amarra ao corpo mediante un fío vermello cosido ao primeiro papel, facendo case unha analoxía á loita entre o Id e Superego de Freud.

Este fío representaría o odio na súa expresión máis xeneralizada, anulándonos e condicionando a nosa dimensión física de forma directa. O odio non nos permite a liberdade, conquista o noso corpo e anula os nosos movementos: condicionamos a nosa vida en función dos comentarios que recibimos.

A nivel mental, o entendemento convértese nunha maraña de pensamentos nubrados (neste caso, negros), incluso afectando á identidade de cada unha de nós. Non obstante, a emoción está fortemente ligada á psique. No meu caso, a representación do corazón ven dada xa que o peito é o lugar onde máis sinto que habiten as emocións, tendo tamén unha simboloxía de amor ou, máis ben, desamor producido pola discriminación. Tras vivir durante anos e seguir a ler e recibir comentarios ou situacións de opresión, soportar a dor no peito non é sostible e o corazón termina por partirse, mais alberga un espazo de resiliencia e esperanza.

Con isto, ó lado esquerdo aparecen en azul sentimentos e pensamentos que me provocan estes discursos: sinto dor e culpabilidade, mais tamén me sinto vulnerable, rexeitada, insuficiente e insegura, xa que estas palabras termínanse por asimilar e calan na nosa alma, facéndonos crer que somos responsables.

Pola outra banda, a dor penetra no noso ser, mais nos transforma. Hai quen di que as emocións negativas moven montañas pero, baixo a miña óptica, a raíz destas créanse vontades de transformación e fortalezas. Asumir que estamos rodeadas de odio, leva consigo asumir que estamos rodeadas de cousas que podemos cambiar tanto profesionalmente, desde o traballo da Educación Social, como desde o cotiá. Así pois, o outro lado do meu corpo está invadido de sensibilidade, optimismo, fortaleza, valentía. Percíbome coma unha persoa crítica e loitadora que está rodeada dunha rede de apoio indispensable.

Non obstante, mesmo nestas redes de apoio sólidas pódense ter atopado discursos de odio, afectando non só a nivel persoal, senón tamén a nivel relacional. O fogar resulta o espazo de socialización e desenvolvemento persoal máis primario, alí créanse as nosas raíces (por este motivo, sitúase ós pés da figura). Crecer nun fogar onde non se practica a democracia implica unha asunción e determinación dun status quo que se reproducirá na construción do resto de relacións sociais, onde se perpetúe desta forma un rol conformado polo medo.

Malia isto, o lugar onde eu percibo máis expresión e branqueamento do odio nos nosos días é nas redes sociais. Estas están configuradas para que esteamos enganchadas a compartir as nosas vivencias, os nosos corpos, o noso aspecto, mais tamén para que comentemos sobre estes, nos comparemos, opinemos e manteñamos o anonimato. Neste caso, situei WhatsApp e Instagram en torno ó corpo xa que son as redes sociais máis usadas por min e, polo tanto, onde máis facilmente podo encontrar comentarios violentos, machismo, enganos, difusión sobre estereotipos ou mesmo consellos para acadar un certo tipo de corpo, denigrando así a non normatividade. Este último aspecto é especialmente común atopalo na televisión, perpetuando o estereotipo de muller envolta nun concepto de feminidade misóxino e arcaico, completamente opresor, tensando así o fío vermello que envolve o noso corpo e limita a nosa vida digna.

Referencias

Carne Cruda (27 de xaneiro de 2022). El miedo y los discursos de odio con Patricia Simón (CARNE CRUDA #997) [Aquivo de YouTube]. https://www.youtube.com/watch?v=y9yJfku_nus

Cortina, A. (2017). ¿Cómo superar los conflictos entre el discurso del odio y la libertad de expresión en la construcción de una sociedad democrática? Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.